

# REGULAMENTO

## GRAN FONDO CAIXABANK PONTEVEDRA 25

### 1. DATA E HORA

19 de outubro de 2025; 10:15 cativos, 10:30 h. 10 K., 10:35 Mini GF, 11:00 h. MM.

### 2. PARTICIPANTES

Persoas nadas no ano 2007 ou anteriores. Límites de participación: 300 menores, 600 10 K. e 1200 no medio maratón.

### 3. INSCRICIÓNS

En <https://mmpontevedra.com/> cos seguintes períodos e prezos:

Prazo	Proba	Inicio	Fin	€	Desconto desemprego
Primeiro	Medio Maratón	1/III	31/V	16	Si
Segundo	Medio Maratón	1/VI	30/IX	21	Si
Terceiro	Medio Maratón	1/X	12/X	30	Non
Primeiro	10 K	1/III	31/V	8	Si
Segundo	10 K	1/VI	30/IX	10	Si
Terceiro	10 K	1/X	12/X	15	Non
Único	Menores	15/III	16/X	1	Non

Tempo máximo de 01:10:00 para rematar o 10K. e 02:20:00 para rematar o Medio Maratón sendo o límite de paso intermedio no último xiro de Corbaceiras (15K) en 01:39:00.

A inscrición da carreira é persoal e intransferible, e non se devolverá o importe da inscrición agás baixa médica documentada e enviada a [info@sgpontevedra.com](mailto:info@sgpontevedra.com) antes das 23.59h do 18 de outubro. En caso contrario, non se fará o reembolso.

**PROMOCIÓN INSCRICIÓN GRATUÍTA.** Coa compra igual ou superior a 125€ na tenda Miler Vintage Running Club na rúa Peregrina nº6 soto, en Pontevedra; conseguirás a inscrición gratuíta no Medio Maratón. Promoción válida ata 30 de setembro 2025.

### 4. PERCORRIDO DE RECOÑECIMENTO PREVIO.

A “quedada” para dar unha volta a todo o percorrido, será o venres 17/10/25 dende a porta principal do Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

### 5. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS.

OPCIÓN	DATA	LUGAR
1	Do 15/X ao 18/X En horario de tenda	Tenda Miler r/ Peregrina 6 soto, Pontevedra
2	19/X de 8:30 a 10:30 a.m.	Só deportistas de fóra de Pontevedra no Pavillón Universitario de Pontevedra
3*	<b>SÓ INSCRICIÓNS DO 1º E 2º PRAZO</b> Do 10/X ao 18/X En horario de tenda	Punto de recollida tendas locais (definidas na plataforma de inscrición)

\*Aquel que seleccione a recollida de dorsal en punto de recollida, comprométese a recollelo nos prazos establecidos e no lugar seleccionado na inscrición. **Non se entregará o dorsal o día da carreira.**

Máis info [www.mmpontevedra.com](http://www.mmpontevedra.com) / [www.sgpontevedra.com](http://www.sgpontevedra.com)

## 6. PERCORRIDO.

Circuíto **HOMOLOGADO** 21.097 metros para o medio maratón e de 10.000 metros para o 10K. (<https://racemapp.com/proyecto/203-gran-fondo-pontevedra>)



## 7. PREMIOS.

A partir das 13:30 h. recibirán trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as individuais da categoría ABSOLUTA masculina e feminina do medio maratón e do 10K.

Ademais, no medio maratón haberá medallas para os tres primeiros homes tres primeiras mulleres das seguintes categorías:

Máster 1	Máster 2	Máster 3	Máster 4
Maiores de 35	Maiores de 40	Maiores de 50	Maiores de 60

Establécense os seguintes premios en metálico para a categoría absoluta do medio maratón:

		1º	2º	3º	4º	5º
ABSOL.	Mas. e Fem.	300€	200€	150€	100€	50€
LOCAL	Mas. e Fem.	100€	-	-	-	-

*Para ter opción aos premios en metálico é requisito imprescindible facer un tempo igual ou inferior a 1h14'00" en homes e 1h30'00" en mulleres.*

Poderán optar ao premio local atletas do concello de Pontevedra ou vencellados aos Clubs federados do mesmo concello. Este premio non é acumulable, optando o/a atleta polo premio de maior contía, cedendo o outro premio ao seguinte participante que cumpra os requisitos.

## 8. SERVIZOS

Os participantes recibirán unha camiseta, dous puntos de avituallamento no circuíto, unha bolsa de produtos alimenticios e bebida na meta; e contarán con servizos de gardarroupa, duchas, fisioterapia, médico, ambulancia, etc.

### 8.1 TRANSPORTE

Saída	Parada	Chegada	Regreso
A Coruña 7:45*	Santiago 8:35*	9:15	14:00
Ourense 7:45*	Vigo 8:45*	9:15	14:00

O custo do servizo será de 3€. Reserva ata o final do segundo prazo ao formalizar a inscrición \*Horario aproximado, contactaremos cos usuarios para confirmar horario e lugar de saída.